




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 211171051C	
Código de verificación  1X2V 661Z 6P3W 0S5W 0O1D	Expediente 211/2023/815	
	Fecha 08-11-2023	

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA “CAMPAÑA DE NEVE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2024 DIRIXIDA ÁS PERSOAS EMPADROADAS NO CONCELLO DA CORUÑA”

### 1. OBXECTO:

A Deputación da Coruña, dentro da súa programación deportiva para o ano 2024, pon en marcha unha campaña de esquí na estación de Valdegrande-Pajares, destinada a 600 nenos e nenas da provincia da Coruña. Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación nesta campaña dado que son designadas 30 prazas ao nenos e nenas empadroados no Concello da Coruña para que sean tramitadas a través deste Concello.

### 2. PROGRAMA E PREZO:

- 2.1. **ESTACION ESQUÍ:** Valgrande-Pajares (Asturias).
- 2.2. **QUENDA:** 12/01/2024 ao 15/01/2024. A entrada dos rapaces e rapazas na estación será o venres antes do xantar e a saída o luns despois do xantar.
- 2.3. **PREZO:** OITENTA E CINCO EUROS (85,00 €).
- 2.4. **DESTINATARIOS:** Rapazas e rapaces empadroadas/os na cidade da Coruña.
- 2.5. **IDADES:** con idades comprendidas entre os 11 e os 15 anos ambas as dúas idades cumpridas a 31 de decembro de 2023.
- 2.6. **PRAZAS:** a Deputación da Coruña destina **TRINTA (30) PRAZAS** ao Concello da Coruña.
- 2.7. Os participantes neste programa desfrutarán de 4 días con aloxamento determinado pola Deputación e manutención, a si mesmo contarán con cursos de esquí e actividades complementarias na estación invernal indicada.
- 2.8. A Deputación responsabilízase da maior parte dos gastos ocasionados polos cursos: transporte de todos os participantes, dende o punto de recollida en cabeceiras de comarca, estancia, manutención, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento e material, remontes mecánicos na estación e actividades varias.
- 2.9. As persoas participantes que resulten beneficiarias deberán aboar unha cota de inscrición e cumprir con todas as condicións impostas pola Deputación, de xeito especial coas publicadas na páxina web [www.dacoruna.gal/deportes/actividades](https://www.dacoruna.gal/deportes/actividades)

### 3. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

**3.1. PREINSCRIPCIÓN:** Deberá realizarse na páxina web do Concello da Coruña [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) dende o 9 de novembro desde ás 08:00h ata o 1 de decembro de 2023 ás 14:00h.

Só se aceptaran solicitudes recibidas a través do seguinte formulario: [Formulario de solicitude - Campaña de Neve 2024 - Deputación da Coruña](#) Non e preciso achegar ningunha documentación nesta fase de preinscripción.

**3.2. LISTAXE PROVISIONAL:** Publicarase o día 4 de decembro de 2023 a partir das 14:00h, asignándose un número para o sorteo público e na que se poderán revisar os datos persoais. Aclarase que:

- a) A asignación do número farase preferentemente por orde de entrada da solicitude.
- b) No caso de solapamento de orde de entrada ou da admisión de emenda de erros, asignarase correlativamente o primeiro número libre.

**3.3. SUBSANACIÓN DE ERROS:** Dende a publicación da listaxe provisional ata o día 7 de decembro de 2023. As alegacións presentarase no seguinte enderezo electrónico [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal).

**3.4. SORTEO** No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, para establecer a orde de adxudicación de prazas celebrarase un sorteo público do número asignado, o día 13 de decembro de 2023, ás 09:00 h. nas oficinas municipais do Palacio dos Deportes de Riazor (Rúa Manuel Murguía s/n).

a) O sorteo realizarase dende a páxina <https://echaloasuerte.com> ou polo procedemento de insaculación.

**3.5. ORDE DE PREFERENCIA:** para a adxudicación das prazas nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- a) Persoas que non participasen en anteriores campañas de Neve (listaxe preferente).
- b) A partir do número agraciado no sorteo asignaranse 30 prazas da listaxe preferente.
- c) No caso de non cubrir as prazas coa listaxe preferente, aténdense as solicitudes da listaxe secundaria, atendendo o número de sorteo.
- d) Todos os/as solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

**3.6. LISTAXE DEFINITIVA:** publicarase o día 13 de decembro de 2023 a partir das 15:00h.



4. **MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:** Do 13 ao 17 de decembro de 2023, ambos os dous inclusive, a través do correo electrónico [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal) deberase formalizar a matrícula, segundo as normas e documentación solicitada pola Deputación da Coruña.
- 4.1. En caso de non presentar a matrícula entenderase que se renuncia á praza, e adxudicarase as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.
- 4.2. Será necesario achegar, cando menos, a seguinte documentación, e/ou aquela que sexa requirida pola Deputación da Coruña:
1. Ficha de inscrición da Deputación da Coruña.
  2. Foto de carné.
  3. Fotocopia do documento de asistencia sanitaria.
  4. Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.
  5. Xustificante de pago da cota (unha vez adxudicadas as prazas, informarse da conta onde se realizará o ingreso, no que se fará constar "CAMPAÑA DE NEVE 2024 - DEPUTACIÓN DA CORUÑA" - CONCELLO DA CORUÑA e NOME da nena/o)
  6. No caso de tratamento específico ou doenza que sexa necesario ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. Importante facer constar as alerxias alimenticias ou de calquera outro tipo.
5. **OUTRAS DISPOSICIÓNS:**
- 5.1. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- 5.2. As listaxes de solicitantes dos cursos ofertados, listaxes definitivas, numero de conta e demais documentación, información ou notificación referida a esta convocatoria publicarase na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.

Data e signatura electrónica

O xefe de servizo de Deportes